

# O río Lourido e o seu val fluvial



Asociación ambiental e cultural Petón do Lobo



**Autora e editora: Asociación ambiental e cultural Petón do Lobo**

**Data: 21 de maio de 2020**

**Depósito Legal: C 619-2020**

1. **Introducción**
2. **Nacemento do río Lourido**
3. **Devagar polo val fluvial do Lourido: berce de regos, fontes e mananciais.**
  - **O rego Batán: o gran afluente.**
4. **A desembocadura no río Anllóns**
5. **Patrimonio etnográfico e cultural no val fluvial do Lourido**
6. **Flora e fauna no val fluvial do Lourido**
7. **Área de Especial Interés Paisaxístico**
8. **A importancia forestal do val fluvial do Lourido**
9. **A importancia do bosque de ribeira no val fluvial do Lourido**
  - **O val fluvial do río Lourido, unha proposta de reserva natural fluvial.**
10. **Historia do val fluvial do Lourido**
11. **O importante papel dos raposos nos ecosistemas**
12. **As plantacións ou monocultivos forestais non son bosques**
13. **Sabías que....?**
14. **Que sabes agora do val fluvial do Lourido? Test de autoavaliación.**

## 1.- Introducción

*O río Lourido e o seu val fluvial* é a quinta obra editada e publicada pola asociación ambiental e cultural Petón do Lobo, e é a segunda obra adicada á temática fluvial, despois de publicar no ano 2019, *O río das nosas vidas: o Anllóns*.

Esta edición, ao igual que as anteriores publicacións, por un lado ten un carácter eminentemente didáctico e por outro, pretende achegar a realidade física máis próxima ás persoas lectoras, neste caso a realidade física do val fluvial do río Lourido, un val case que descoñecido.

Pódese dicir sin dúbida algunha que a saúde da cidadanía é directamente proporcional á saúde dos seus ríos. De aí a gran importancia de coidar os ríos que nos dan a vida e a saúde. Un río é un ser vivo, con dereitos e personalidade intrínseca per se, un ecosistema aberto. Por iso, precisamente como entidade viva que é merece toda a nosa consideración e respecto. A diferenza dun mar ou un lago, onde a auga produce a súa propia materia orgánica, teñen un fitoplancto capaz de transformar a enerxía do sol en biomasa e, a partir de aí, funciona todo o demais. No río non hai fitoplancto, depende da enerxía que lle chega do ecosistema terrestre adxacente. De modo que o río é un ecosistema cunha autonomía grande.



Os inimigos principais dos ríos son as verteduras contaminantes, as interrupcións do seu caudal polas centrais hidroeléctricas ou piscifactorías e os innumerables plans de expansión dos regadíos que os deixan con caudais inferiores ao razoable para a súa existencia.

Moitos ríos galegos seguen vivos na súa parte alta pola orografía por onde discorren normalmente con moita pendiente, o cal contribúe á súa osixenación case permanente, á que se engade unha alta pluviosidade abundante que nutre os ríos de numerosas fontes e mananciais. É na súa zona media e baixa onde sofren as agresións que fan que a conservación do seu ecosistema atópese gravemente ameazado.

### **Que é un río?**

É un curso natural e permanente de auga doce, que flúe por un leito e que desemboca no mar, nun lago, noutro río. Neste caso denomínase afluente. Por exemplo, o río Lourido é un afluente do río Anllóns e o rego Batán é o afluente máis importante, polo seu abondoso caudal, do río Lourido. Cando o río é de pouco caudal recibe o nome de rego.



*Distintos aspectos do rego Lourido, a escasos metros do seu nacemento na fonte Cardeira*

A potamoxía é o estudo científico do caudal dos ríos mentres que a limnoloxía é o estudo das augas continentais en xeral.

### **Que é o leito dun río?**

O leito dun río é por onde circulan as augas do río. Os leitos son as partes máis escavadas dos vales. O punto máis baixo do leito dun río é o canle ou cauce. É a zona pola cal o río corre coa máxima velocidade.

Tamén se chama canle, álveo, madre, quenlle e quenlla. Realmente é por onde circula a auga do río.


Os leitos dos ríos por suposto inclúen o canle, pero tamén hai que distinguir entre o leito menor (por onde vai o río no estiaxe) e o leito maior (que é por onde vai o río co seu máximo caudal). Por suposto que hai tamén un leito esporádico que nas enchentes ou inundacións tamén é cuberto polo río.

Os leitos menores presentan na estiaxe unha alternancia de zonas fundidas (regos e pozas) e de fondos altos como as soleiras, que poden chegar a formar ínsuas.

### **Qué é un val fluvial?**

É unha chaira entre montañas ou alturas, unha depresión da superficie terrestre entre dúas vertentes, con forma inclinada e alongada, que conforma unha conca hidrográfica en cuxo fondo se aloxa un curso fluvial. Os vales fluviaes teñen sempre perfil con forma de V, é dicir, paredes inclinadas que converxen cara ao centro e fondo estreito.





*Perfil dun val fluvial*

### **Por que é tan importante o val fluvial do Lourido?**

Un val fluvial é un centro de diversidade ecolóxica. Os vales fluviaes aportan bens que non son valorados pola sociedade; tal como, a purificación da auga, a protección contra as tormentas, a amortiguación do clima; a formación de paisaxes ecolóxicas que son «bens gratuítos» sen un mercado que os valore, excluído dos cálculos económicos, carente de leis para a súa conservación, sistemática destrución e degradación paulatina por falta de conciencia ambiental.

Os ríos constitúen un sistema de circulación líneal, vectorial, xerarquizado e estruturado para trasladar sedimentos e fluídos vitais a través das concas hidrográficas e as súas desembocaduras, realizando complexas reaccións

dinámicas, mecánicas, enerxéticas, químicas e bioquímicas co propósito de dar sustento en todo o seu percorrido á vida nas súas diferentes formas.


O río é un vector enerxético parte integrante do Ciclo Hidrolóxico da auga e percorre tan só a superficie terrestre, e no devandito percorrido cumpre unha misión suprema e especializada despregando un traballo selectivo como a erosión, ataque físico, químico, bioquímico, transporte, selección e sedimentación nas concas de deposición tales como conos aluviais fluviais, deltas, esteiros...etc.

A interrupción e a contaminación dos ríos pode modificar e alterar o fluxo normal do Ciclo Hidrolóxico da auga provocando serios trastornos no clima da terra, nos procesos isostáticos e na conservación de diversos ecosistemas.

A escaseza deste prezado recurso pode desencadear nas futuro guerras, graves conflitos sociais de carácter nacional e internacional que se agudizan aínda máis, coa alta taxa de crecemento da poboación mundial.

➤ A importancia do val fluvial do Lourido débese sobre todo ao enorme aporte de auga e de nutrientes que realiza ao río Anllóns no derradeiro tramo do seu percorrido, antes da súa desembocadura no esteiro do Anllóns. Estas aportacións de auga e nutrientes do Lourido ao río Anllóns osixenan a vida da ría de Corme -Laxe e contribúen en boa medida, e máis se temos en conta as épocas de seca cada vez máis frecuentes, ao mantemento da vida nas marismas do Anllóns, no seu esteiro e na ría contribuindo en gran medida ao mantemento do seu equilibrio e da súa capacidade marisqueira.





*Ciclo hidrolóxico da auga*

➤ **O ciclo da auga, unha viaxe con retorno**

A auga do planeta circula e cambia de estado de forma constante -entre sólido, líquido e gaseoso- grazas á enerxía que provén do Sol e á forza da gravidade.

A auga dos océanos, os ríos, as nubes, a choiva, etc. segue un movemento cíclico. A auga da superficie evapórase, mentres que a das nubes precipita e escórrrese polos ríos ata os mares e océanos ou se infiltra na Terra. Sexa como sexa, a cantidade total de auga no planeta non cambia. Este ciclo comeza coa evaporación da auga da superficie terrestre grazas á enerxía solar. O vapor de auga humedece o aire no seu ascenso, arrefríase sobre partículas sólidas e condénsase en microgotas, que se unen e forman as nubes. Logo, as pingas de auga precipitan a terra en forma de choiva, saraiba ou neve, dependendo da temperatura da atmosfera. Finalmente, a auga acaba retornando aos océanos a través de diferentes leitos. En total, o planeta contén uns 1.385 millóns de km<sup>3</sup> de auga nos seus diferentes estados, dos cales case o 97% é auga salgada que se atopa nos océanos, mentres que o resto corresponde a auga doce que se distribúe entre os casquetes polares, ríos, lagos, acuíferos subterráneos e a atmosfera.

Dentro do ciclo hidrolóxico, cada molécula de auga permanece un intervalo diferente de tempo nun lugar, en función de onde se atopa almacenada. Así, a auga acumulada nas capas subterráneas profundas pode manterse aí ata 10.000 anos, a dos glaciares un máximo de 100 anos e a dun río ata seis meses.

Os seres vivos, a través dos seus procesos metabólicos, tamén participan do ciclo hidrolóxico, tomando e expulsando auga. En especial as plantas, que achegan unha 10% da auga que contén a atmosfera. A transpiración é o proceso natural de regulación da temperatura corporal que fai que os seres vivos expulsen auga en forma de vapor, xa sexa por medio das glándulas sudoríparas da pel (animais e seres humanos) ou das follas (plantas).

A auga é a única molécula do planeta que aparece de forma natural en tres estados físicos diferentes (sólido, líquido e gaseoso). No seu conxunto, esa auga integra a hidrosfera, cuxa unidade é posible grazas á calor latente, que é o proceso de consumo ou liberación de enerxía que conleva o cambio de estado físico da auga.

Esa unidade é continua ou indivisible porque diversas forzas posibilitan a mobilidade da auga en diferentes sentidos, desencadeando un intercambio desde uns reservorios ou dominios hídricos a outros. O motor deste intercambio é a chegada de enerxía solar.

### **Galicia ten dez mil ríos, pero vive de costas a eles.**

Temos unha rede hidrográfica enormemente profusa. Unha riqueza extraordinaria, porque os ríos na Terra son escasísimos, representan unha proporción do 0,00002% de todo a auga que hai no planeta.

Hai unha deterioración importante da calidade química da auga: nitróxeno elevado e moita carga orgánica. O 90% das nosas concas fluviais sufriu nalgún momento algún episodio de contaminación, sobre todo no verán. E hai unha deterioración moi grande das beiras de inundación, que forman parte do río. Un refrán galego di: " Nin casa á beira do río, nin viña á beira do camiño". Os usos do chan cambiaron moitísimo. En consecuencia, o que afecta á conca afecta tamén os ríos. O armazón de pistas supera á propia rede hidrográfica galega, polo que podes ir en coche aos sitios máis recónditos dos ríos, e iso fai que o río perda calidade.

### **As tensións ou estrés dos ríos. Están os ríos galegos estresados?**

As tensións ou o estrés dos ríos o que fan é romper a estrutura dese ecosistema, no que todos os organismos teñen as súas funcións. Non é que morra o río, senón que o desestructura, quedando moi poucos organismos para, por exemplo, filtrar a auga ou descompoñer a materia orgánica. Esa alteración provoca o que chamamos contaminación. A urbanización, as praias fluviais mal feitas, as presas, facer fontes onde hai mananciais. Todo iso provoca a destrución do hábitat.

Logo está a contaminación por achega de substancias: verteduras urbanas; materia orgánica, sobre todo xurros de granxa; verteduras químicas tóxicos e o aumento da temperatura da auga como consecuencia do cambio climático e a seca.

### **A ruptura dese equilibrio natural é negativa para o ser humano?**

Nas nosas augas, superficiais e subterráneas, nótase un incremento grandísimo dos nitratos. Un síntoma dun exceso de fertilizantes e xurros. Falta conciencia do que son os ríos. A saúde dos ríos inflúe directamente na vida e saúde humanas.



*A hidrosfera é a capa de auga (H<sub>2</sub>O) que cobre as tres cuartas partes da superficie da Terra*



## O río Lourido

É o que ten nacer en terra de lobos,  
camiñar devagar no roteiro dos corvos  
que buscan o leste cando o ocaso,  
desde a fonte Cardeira ata o Anllóns;  
lembrar outros tempos e historias vellas,  
acoller outros regos e fontes novas  
de amoríos, pan de millo e moendas,  
feiras, bois e minas,  
troitas, lampreas e anguías,  
arsénico, ingleses, canadanos,  
sol, frío, xeadas, cambio climático;

deixando atrás os eólicos do Perrol que asoballan o val,  
maldicir as liñas de alta tensión e  
correr á sombra dos eucaliptais,  
noutroa carballeiras e soutos;  
e xuntarse co Batán, para  
coñecer o río que vén das terras altas do Xalo  
e peneirar o seu, no arsénico do Anllóns, e contarse  
historias esquecidas de tempos mellores, no que a algarabía dos rapaces  
facíaos sorrir espuma nas beiras das lampreeiras e das fragas.  
Deixar atrás a cova crea, a orixe, o graal da vida  
e o Cudeiro, dos dólmenes célticos de Pondal.  
E esperar ó Anllóns que vén canso  
desde o campo de tiro de Soandres,

co chumbo das balas, puríns e glifosato,  
microplásticos e lixo...,  
coa sabor ácida das follas do eucalipto...  
e ver como o salmón esgotado non é capaz de subir o río...,  
polas centrais hidroeléctricas...  
E afogar a esperanza na auga que queda...

*Autora: Asociación ambiental e cultural Petón do Lobo*




*O río Lourido delimita os municipios de Coristanco e Cabana de Bergantiños*



## 2.- Nacemento do río Lourido

O río Lourido nace na fonte Cardeira, preto do lugar de Aldemunde (municipio de Cabana de Bergantiños) e no punto máis baixo de dúas vaguadas, entre o monte Perrol e os montes de Lestón (monte Mouro e monte Martín), no municipio de Coristanco.

O río actúa como elemento físico que delimita o municipio de Coristanco (parroquias de Valenza e Cereo) e o municipio de Cabana de Bergantiños (parroquia de Corcoesto).



Fonte: IGN. Plano histórico.




Desde o seu nacemento e ao longo de 3 km, ata a súa desembocadura no río Anllóns, percorre o val fluvial do Lourido, recollendo as augas de infinidade de mananciais, fontes e pequenos regos que afloran no val. Preto da desembocadura xúntase co seu afluente máis importante e caudaloso, o rego Batán.



*Imaxes do nacemento do río Lourido na fonte Cardeira*





*O Lourido, no seu curso entre os montes de Auga Levada e o monte Lourido. Fonte: IGN*

## O nome


En Galicia calquera topónimo Lourido é susceptible de ser adscrito a tres étimos con significados distintos:

- Como lugar poboado de loureiros, na maior parte dos casos. Da formación toponímica Lauretum "loureiral".
- Un lugar pedroso.
- Un lugar onde flúen moitas augas, emparentado con hidrónimos prelatinos como o río Lor (medieval Laure).

Pois ben, no presente caso calquera das acepcións é idónea, posto que efectivamente é un lugar con abondosos loureiros, pedroso ou pedrido, e efectivamente, un excelente berce de augas.



En canto ao fitónimo Lourido, aínda quedan indicios na microtoponimia en relación á existencia desta árbore. Así temos nomes de parcelas no val como "Louridal".



*Formación do cauce do Lourido, a escasos metros do seu nacemento, na fonte Cardeira*





*Cauce fluvial xa formado. A medida que avanza ao longo do val, o río vai recollendo auga de distintos mananciais e fontes*





*Ducias de mananciais e fontes afloran no seo do val fluvial do Lourido*





➤ **Muíño Mouro e Fonte do Lobo, microtopónimos no val fluvial do río Lourido, Coristanco.**



Ás beiras do río Lourido atopamos dous microtopónimos de particular interés: Muíño Mouro e Fonte do Lobo.

Muíño Mouro representa a integración das antigas construcións agrarias na paisaxe. Dicia Filgueira Valverde: "atopar un muíño é un achegamento moi fondo ó espírito do pobo" (Ventonoso, 1996). O muíño é un dos elementos máis característicos do patrimonio do val fluvial do Lourido, hoxe en día en grave risco de ficar no esquecemento.

Xunto a este valioso patrimonio etnográfico non podía esquecer a figura do lobo, na Fonte do Lobo. Na orixe da auga, do manancial que mana e que flúe maino e sosegado, aí está a noso benquerido ser, símbolo do poder da natureza, a escasos metros do monte chamado Petón do Lobo.

### **3. Devagar polo val fluvial do Lourido: berce de regos, fontes e mananciais.**

#### **➤ O rego Batán: o gran afluente.**

Tras nacer en Aldemunde o Lourido viaxa pendente abaixo a través de Baralláns e a Chousa do Muíño. Desde o fondo da vaguada divísase no cumio, o Petón da Pedra e ao outro lado, os montes de Lourido. O camiño a Lourido, que comunica o municipio de Cabana co de Coristanco, atrávesao por enriba da canle. O río vai collendo forza ao seu paso polos prados da Fontán. O Porto de Pía, antigo camiño real, permite outra vez atravesar o seu cauce para facilitar a comunicación entre os municipios limítrofes.

A canle do río comeza a ser cada vez máis profunda e angulosa, a medida que vai descendendo a pendente á altura de Escachado. O río vai gañando forza, caudal e tórnase máis rápido a medida que se achega aos montes de Cudeiro. A ambas marxes do río as parcelas forestais teñen un tamaño importante e destaca tanto a vexetación de ribeira como as plantacións de piñeiros.





*Muíño do Prillán á beira do Lourido*







*Camiños polo Lourido*



Código:  Código anterior:

**IDENTIFICACIÓN DO BEN**

Denominación:

Localización:  Concello:

**DESCRIBIÓN DO BEN**

Tipoloxía funcional:  Usos actuais:

Contexto cultural:  Cronoloxía:

**DATOS XEOGRÁFICOS:**


Coordenadas do ben:   
  
 Delimitación contorno:

**PROTECCIÓN DO BEN**

Protección xurídica:  Categoría declaración:

Disposición Xurídica:  Outros catálogos:

**IMAXES DO BEN**



*Ficha de patrimonio do Altar fluvial do Lourido. O culto ás augas tamén está presente no val.*






*Restos da antiga Pontella de Lourido á altura do lugar da Fontán*

Deixa Cudeiro atrás xa máis maino para bordear a Chousa do Muíño, pola banda de Cabana de Bergantiños e a Mina Vella, pola banda de Coristanco. A continuación bordea Chousas Vellas e de novo o río volta a recuperar a velocidade ao chegar á pendente do Escachado (Coristanco).

Desde o máis profundo da vaguada divisa a cima do monte de Petón do Lobo, no municipio de Cabana. Atravesa por debaixo da estrada de Montefurado a Cereo, para chegar a Cercarido e atoparnos coa grata sorpresa de Portiño. Portiño é un antigo paso de carros que permite cruzar o río dunha marxe á outra antes da desembocadura no Anllóns.





*Fonte: Sede electrónica de Catastro*

O río volta a circular paralelo a Cercarido ou Cerqueirido. É aquí onde se xunta co rego Batán, que ao chegar a este punto aporta un caudal moi importante. Ambos cauces configuran agora unha soa canle. Desde o leito do río divísase no alto o Monte Pedroso. O Lourido continua caudaloso ao pé do monte ata chegar ao Batán e o Prado do Muíño.




*Fonte: Sede electrónica do Catastro*

O rego Batán nace nas ricas Brañas de Coristanco, atravesa Paradelas e o Muíño Mouro. Pasa polas extraordinarias Regueiras de Coristanco, e tras recoller en Cereo a auga da Fonte do Lobo chega a Cercarido, onde tributa no Lourido. É sin dúbida un dos aportes de caudal máis importantes que recibe o río Lourido ao longo do seu percorrido.



*Muíño do Rego Batán. Localización: Vilaverde, Cerezo. Coordenadas: X: 515.007 - Y: 4.784.038*

*Muíño hidráulico de río de pequenas dimensións de roda horizontal e unha soa moa, situado na marxe dereita do Batán.*



*Fonte: Sede electrónica de Catastro*

Sorpréndenos devagar un pequeno Soutiño. O río trascorre agora paralelo ao camiño a Portocelo ou Portecelos, o derradeiro porto fluvial do río antes de rematar o seu traxecto. Xa se albisca o río Anllóns e a desembocadura.



*Pontella do prado Batán. Localización: lugar de Vilaverde, Cerezo. Coordenadas: X: 514.902- Y: 785.785.267*

*Construída en mampostería de esquisto dun único vano central.*





*Pontella do rego Batán. Localización: lugar de Vilaverde, Cereo. Coordenadas: X: 515.005-Y: 4.783.973.*

*Pontella de 4 laxes de esquisto sobre o rego Batán, de 1,8 metros de lonxitude e por 1 metro de ancho.*



*Localización: lugar de Vilaverde - Cereo. Coordenadas: X: 515.005 - Y: 4.783.973*

*Construída en laxes de esquisto.*



Xa na desembocadura do Lourido atopamos o Muíño do Xuareiro.



*Muíño do Xuareiro na desembocadura do río Lourido, no lugar de Cerqueirido, parroquia de Cereo*

Trátase dun muíño de regato, de rodicio e de canle, en bo estado de conservación. É unha construción cúbica de planta rectangular con muros portantes de cachotería á vista e cantería en esquinais, xambas e linteis. A cuberta está resolta a dúas augas con chapas de fibrocemento. A porta é alintelada. No Plan urbanístico municipal de Coristanco propónse a substitución da cuberta actual por unha cuberta tradicional de tella.

A diferenca do concello de Coristanco, o concello de Cabana non recolle no seu Plan urbanístico ningún dos elementos patrimoniais do val fluvial do Lourido correspondentes a este municipio.

#### **4. A desembocadura no río Anllóns**

O Lourido desemboca no LIC Rio Anllóns. Falar do Anllóns e falar dunha excelente variedade de fauna que merece a pena mencionar:

Entre os invertebrados forestais incluídos no anexo II da Directiva Hábitats e que están presentes no LIC Rio Anllóns son a lesma (*Geomalacus maculosus*) e o coleóptero (*Lucanus cervus*).



*A presenza de lavancos é moi habitual na desembocadura do Lourido no río Anllóns*

A fauna piscícola inclúe varios taxons endémicos e ameazados, como a lamprea (*Petromyzon marinus*) o reo (*Salmo trutta trutta*), a anguía (*Anguilla anguilla*) e a boga do Douro (*Chondrostoma duriense*).



*Ferreiriño. Moi abondoso no río Anllóns e especialmente na desembocadura do Lourido.*

*A cabeza é negra e mostra unha marcada branca clarísima na caluga.*

Doce especies de anfibios e polo menos 8 de réptiles localízanse no ámbito do LIC, entre os que se contan endemismos como a píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), o tritón ibérico (*Triturus boscai*), a ra patilonga (*Rana iberica*) e o lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*). As aves máis típicas do río, como o picapeixe (*Alcedo atthis*), o merlo rieiro (*Cinclus cinclus*) e a lavandeira real (*Motacilla cinerea*) están presentes en calidade de nidificantes, mentres que o bosque ripario acolle un gran número de passeriformes, como papuxas (*Sylvia* spp.), picafollas ibéricos (*Phylloscopus ibericus*), ferreiriños (*Parus* spp.), estrelañas riscadas (*Regulus ignicapillus*) e ouriolos (*Oriolus oriolus*) durante a época de cría, así como rousiños bravos (*Cettia cetti*), tordos (*Turdus* spp.) e ubalos (*Carduelis spinus*), entre outros,



durante o inverno. Nas marismas próximas á desembocadura nidifican aves acuáticas e ribeiregas como o rascón (*Rallus aquaticus*), o lavanco (*Anas platyrhynchos*) e a folosa das canaveiras (*Acrocephalus scirpaceus*), e son tamén ocupadas durante o inverno e os pasos migratorios por un gran número de passeriformes, entre os que aparece o ameazado escribente das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*).



*Estreliña riscada*

En canto aos mamíferos é moi destacable a presenza de elementos propios de ambientes fluviais e ribeiregos, como o desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*) e a lontra (*Lutra lutra*) recollidos no Anexo II da Directiva Hábitats, así como a

musaraña de Cabrera (*Neomys anomalus*), a rata de auga (*Arvicola sapidus*), o tourón (*Mustela putorius*) e o armiño (*Mustela erminea*).

En canto aos mamíferos é moi destacable a presenza de elementos propios de ambientes fluviais e ribeiregos, como o desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*) e a lontra (*Lutra lutra*) recollidos no Anexo II da Directiva Hábitats, así como a musaraña de Cabrera (*Neomys anomalus*), a rata de auga (*Arvicola sapidus*), o tourón (*Mustela putorius*) e o armiño (*Mustela erminea*).



*Papuxa*

## 5. Patrimonio etnográfico e cultural no val fluvial do Lourido



## ROTEIRO DO VAL FLUVIAL DO RÍO LOURIDO: A ÁREA DE ESPECIAL INTERÉS PAISAXÍSTICO AEIP\_09 DA GRANDE ÁREA PAISAXÍSTICA FOSAS E CHAIRAS OCCIDENTAIS.



*Carballreira de Sta. Mariña do Remuíño, Corcoesto.*

O Val fluvial do río Lourido, ubicado nas parroquias de Cereo e Valenza (municipio de Coristanco) e Corcoesto (municipio de Cabana de Bergantiños) constitúe a **Área de Especial Interés Paisaxístico- Río Lourido AEIP 09\_02**. A mesma foi declarada como tal polo Catálogo das Paisaxes, formando parte da **Gran Área Paisaxística IX. Chairas e Fosas Occidentais (DECRETO 119/2016, de 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das Paisaxes de Galicia)**.



*Río Anllóns ao seu paso pola paraxe de Sta. Mariña.*

*Val fluvial do río Lourido, Área de Especial Interés Paisaxístico (AEIP\_09).  
Valfluvialdolouridocorcoesto.com/  
<https://corcoestoblog.wordpress.com/>*

Os seus **valores naturais** veñen dados por:

- Área de conservación do LIC río Anllóns.
- Área potencial de Escribenta das canaveiras.
- ZEC río Anllóns.
- ZEPVN río Anllóns.
- Zona 3 Plan xestión do Lobo.

O Catálogo das Paisaxes amplía o recoñecemento como Lugar de especial interés paisaxístico (LEIP) á Carballreira de Sta. Mariña do Remuíño, en Corcoesto, municipio de Cabana de Bergantiños.



*Capela de Sta. Mariña do Remuíño.*

Sta. Mariña do Remuíño é coñecida polo seu loureiro e a auga da fonte, símbolos da saúde e da fertilidade.



*Pista forestal polo val fluvial do Lourido (do lugar de Fonterremula a Barallóns).*

As explotacións forestais e madeiras destacan na economía do val.



O río Lourido nace en Fonte Cardeira, preto da antiga aldea de Aldemunde, pero non será ata uns metros máis abaixo onde forme o caudal suficiente. Ao longo do seu recollido vai recollendo as augas de diversos regos e mananciais ata formar un val fluvial.



*Vexetación de ribeira.*



Preto de Baralláns atopamos un gran patrimonio etnográfico e cultural.



**Muiño do Prillán.**



**Muiño de Baralláns.**



**Pontella de Baralláns.**

Val fluvial do río Lourido, Área de Especial Interés Paisaxístico (AEIP\_09).  
[Valfluvialdolouridocorcoesto.com/](http://valfluvialdolouridocorcoesto.com/)  
<https://corcoestoblog.wordpress.com/>



**Muiño do Mineiro.**



**Muiño da Chousa Vella.**



**Río Lourido no seu camiño cara o Anllóns a través do val.**



**Batán do Lourido, no lugar de As Canles.**

Complexo industrial formado por un edificio de planta rectangular de 34 x 11 metros a dúas augas con muros de mampostería de esquisto. Ten edificios anexos de menores dimensións ao NE así como unha canle cara o N e camiños tradicionais de acceso desde o W.



**Pontella do Prillán.**



**Espazo natural de alto valor ambiental e paisaxístico.**

## 6. Flora e fauna no val fluvial do Lourido

O río Lourido, ó igual que a maioría dos regatos e ríos de Galicia forman unha parte fundamental da nosa paisaxe característica, a paisaxe en mosaico. Trátase dunha paisaxe caracterizada por múltiples compoñentes, praderías, cultivos, bosques, ríos ou regatos, na que estes últimos cumpren unha función ecolóxica fundamental, servindo coma corredores de fauna.

Grazas a regatos e ríos moitos animais poden moverse sen ser vistos entre os distintos ecosistemas permitindo que estes perduren.

A vexetación de ribeira, esténdese polas marxes do rego Lourido en bo estado de conservación. Está composta por Amieiros (*Alnus glutinosa*) como especie dominante, Salgueiros (*Salix* sp.) e Freixos (*Fraxinus excelsior*) aos que tamén se asocian Loureiros (*Prunus laurocerasus*) así como un importante e variado estrato arbustivo e herbáceo composto por múltiples especies como o Toxo (*Ulex* sp.), Xestas (*Genista* spp.), Carpazas (*Cistus* spp.), Uces (*Erica* spp.), Queirogas (*Daboecia* sp.)...

En canto á fauna, a zona obxecto de estudo alberga poboacións de especies que se atopan recollidas no Anexo II da Directiva 92/42 CEE do Consello, de 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coñecida comunmente como Directiva Hábitats. O Anexo II determina as especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación.

Entre os mamíferos incluídos no Anexo II citado anteriormente, están presentes nas marxes do rego Lourido a toupa de río (*Galemys pyrenaicus*) e a lutra (*Lutra lutra*).



Tamén se atopan na zona, o muraño de Cabrera (*Neomys anomalus*), a rata de auga (*Arvicola sapidus*), o furón bravo (*Mustela putorius*) e o armiño (*Mustela erminea*).



*Rata de auga no val fluvial do Lourido*

Ademais, tamén ten un alto valor ecolóxico, debido á delicada situación ecolóxica destes grupos zoolóxicos, a presenza de diferentes especies de réptiles coma o escáncer común (*Anguis fragilis*), a cobra lagarteira (*Coronella* sp.) ou o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*) recollido no Anexo II, e de anfibios coma o sapo común (*Bufo bufo*) o sapo raxado (*Discoglossus galganoi*) recollido no Anexo II, o sapo parteiro común (*Alytes obstetricans*), recollido no Anexo IV que determina as especies animais e vexetais de interés comunitario que requiren unha protección estricta, o tritón común (*Lissotriton boscai*) ou a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), recollida no Anexo II e cualificada como especie vulnerable.



*Saramaganta no val fluvial do Lourido*



A píntega común ou salamátiga é un dos animais máis susceptibles á acidificación dos solos producida polos eucaliptos. A píntega ou salamántiga común ten unha subespecie de seu en Galicia, a *Salamandra salamandra gallaica*.

Para evitar seren atacadas por outros animais, a súa pel contén pequenas cantidades de substancias tóxicas (pezoña).

### **Pero como afecta a eucaliptización a estes animais?**

Os eucaliptos consomen bastante auga debido a súa elevada evapotranspiración. Ademais son moi selectivos cos nutrientes que escollen do chan. Entre eses minerais que acaparan do chan en concentracións importantes está o calcio. Isto produce un descenso importante do pH e a conseguinte acidificación dos solos. Ao quedarse o chan sen calcio, libéranse importantes concentracións de aluminio coa conseguinte toxicidade para as plantas. As plantas e os animais atópanse de súpeto, con que as condicións dos ecosistemas xa non son as adecuadas para a súa supervivencia.

O eucalipto produce unha perda de calcio importante nos solos e un incremento da concentración de aluminio

Os solos ácidos crían moitos fungos que xeran un entramado de micelios ou filamentos brancos que producen a impermeabilización do solo. É o fenómeno coñecido como water repellency, que impide que a auga se filtre. Aumenta así a escorrentía superficial e a erosión laminar.

En Galicia milleiros de hectáreas de solos están perdendo as súas propiedades naturais por mor dos eucaliptos. Ademais deixan de ser espazos adecuados para o desenvolvemento da flora, da fauna, a auga e a súa capacidade produtiva a longo prazo.



Os produtores forestais e a industria minimizan a importancia destes impactos cando non debera ser así, porque a consecuencia é un atentado ecolóxico de primeira magnitude.



*Píntega común ou salamátiga*

En canto á fauna piscícola, esta inclúe varias especies endémicas e ameazadas, como a lamprea (*Petromyzon marinus*), recollida no Anexo II e protexida pola Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, a troita común (*Salmo trutta trutta*), a anguila (*Anguilla anguilla*) e o escalo (*Squalius carolitertii*).

En canto aos invertebrados, nas marxes do río, están presentes a babosa común (*Geomalacus maculosus*), incluída no Anexo II e no IV e a vacaloura (*Lucanus cervus*), incluída no Anexo II.



*Lagarto das silveiras, moi común no lugar de Baralláns e en Sta. Mariña do Remuíño*

As aves máis típicas do río son o picapeixe (*Alcedo atthis*), o merlo acuático (*Cinclus cinclus*) e a lavandeira cascadeña (*Motacilla cinerea*) e xunto a estas, aniñan currucas (*Sylvia* spp.), o mosquiteiro ibérico (*Phylloscopus ibericus*), os páridos (*Parus* spp.), a estrelíña riscada (*Regulus ignicapillus*) e as oropéndulas (*Oriolus oriolus*) durante a primavera.



*Oropéndulas ou Ouriol, o paxaro máis coñecido na área do val fluvial do Lourido, noutroa moi común.*

*Son moi coñecidos os ourioles do Lourido e do Anllóns.*

Do mesmo xeito, pero durante a época invernal a vexetación de ribeira alberga unha variada comunidade zoolóxica na que destacan o ruiseñor bastardo (*Cettia cetti*), os tordos (*Turdus spp.*) e o verderolo (*Carduelis spinus*), entre outros.





*Lavandeira cascadeña no val fluvial do Lourido*

Por último, unha última mención á presenza de quirópteros, os coñecidos morcegos (*Rhinolophus* spp.), nas construcións abandonadas e sótanos xa que, por reducida que sexa a súa poboación, debido á súa escaseza merecen unha atención especial.



*Verderolo ou carduelis spinus no val fluvial do Lourido, moi abondosos no lugar de Aldemunde e na fonte Cardeira.*

Do mesmo xeito, é necesario mencionar as especies de difícil detección, pero que tamén poseen poboacións non propiamente nas marxes do río Lourido, pero sí nas formacións vexetais anexas, como o lirón careto (*Eliomys quercinus*), a garduña (*Martes foina*), o gato montés (*Felis silvestris*) e sobre todo o raposo (*Vulpes vulpes*).






*Lirón careto no val fluvial do Lourido*





*Garduña no val fluvial do Lourido*








## 7. Área de Especial Interés Paisaxístico

No DOG Núm. 160 do 25 de agosto de 2016, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicaba o Decreto 119/2016, de 28 de julio, polo que se aprobaba o Catálogo das paisaxes de Galicia.

O val fluvial do Lourido figura como área de especial interés paisaxístico no Catálogo das Paisaxes de Galicia, que formará parte do Atlas das Paisaxes de Galicia, para identificar e caracterizar os valores e potencialidades das 50 comarcas que conforman as doce áreas paisaxísticas nas que figura dividido o territorio galego, e no que tamen se integrarán as Directrices da Paisaxe.

O val forma parte das doce Grandes Áreas Paisaxísticas: a GAP "Chairas e Fosas Occidentais". Figura referenciado como AEIP\_09\_02 Río Lourido.

Mapa Guía



### AEIP\_09\_02 Río Lourido

#### Lenda:

- Participación Pública
- Preseleccionados

0 0,15 0,3 0,6 0,9 1,2 1,5 Km

Proxección U.T.M. Fuso 29  
Elipsoide GRS80  
Sistema de referencia ETRS89



1:20.000





Os seus valores naturais veñen dados por:

- Área de conservación do LIC río Anllóns.
- Área potencial de Escribenta das canaveiras.
- ZEC río Anllóns.
- ZEPVN río Anllóns.
- Zona 3 Plan xestión do Lobo.

A Área de Especial Interés Paisaxístico declarada pola Xunta de Galicia (AEIP 09\_02), foi ampliada á Carballeira de Santa Mariña do Remuíño en Corcoesto, municipio de Cabana de Bergantiños.

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, conforme o Convenio Europeo da Paisaxe, aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 por proposta do Consello de Europa, que entrou en vigor o 1 de marzo de 2004, e foi ratificado polo Estado español mediante Instrumento do 28 de xaneiro de 2008.

O artigo 5 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establece que os poderes públicos de Galicia velarán para que, no ámbito das súas competencias, se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe e, no seu capítulo III, establece os instrumentos para conseguilo. Entre eles, os catálogos da paisaxe, definidos no seu artigo 9 como os documentos de referencia que, apoiándose nas distintas áreas xeográficas, morfolóxicas, urbanas e litorais existentes no territorio galego, deberán delimitar, con base nos diferentes estudos e traballos existentes na materia, as grandes áreas paisaxísticas de Galicia, identificando os diversos tipos de paisaxe existentes en cada unha delas e as súas características diferenciais. O

contido dos catálogos da paisaxe aparecen recollidos neste mesmo artigo, que tamén establece que os catálogos da paisaxe poderán, se é o caso, identificar determinadas zonas xeográficas como áreas de especial interese paisaxístico, en atención aos valores naturais e culturais alí presentes, o que se fai neste catálogo.

## **8. A importancia forestal do val fluvial do Lourido**

As explotacións forestais existentes no val fluvial do Lourido caracterízanse por unha alta capacidade produtiva, estando destinadas principalmente ao cultivo do piñeiro do país ou Piñeiro galego (*Pinus Pinaster*), existindo tamén zonas destinadas ao cultivo do eucalipto (*Eucalyptus globulus*).

As explotacións forestais caracterízanse polo mantemento de masas puras e regulares de especies de crecemento rápido, con rexeneración por rebrote de cepa no caso do eucalipto (*Eucalyptus globulus*) e por rexeneración natural ou plantación no caso do piñeiro do país (*Pinus pinaster*). A idade media das masas forestais no ámbito de estudo oscila entre os 15-35 anos, (aínda que hai parcelas forestais con bosquetes regulares formados por piñeiro pinaster que chegan aos 45-50 anos).





O obxectivo fundamental é a produción de madeira. A rapidez de crecemento, a frugalidade elevada e a capacidade de produción dunha madeira con múltiples destinos tecnolóxicos caracterizan a este piñeiro.

Na actualidade, apréciase unha recente tendencia na zona á aplicación de coidados culturais, tales como podas ou claras, aplícase por tanto, a selvicultura intensiva xunto coas prácticas productivistas tradicionais, practicando unha selvicultura racional do piñeiro pinaster que mantén montes regulares, na que os piñeiros teñen a mesma idade ou idades moi próximas. Pártese desta forma de plantacións artificiais ou de rexeneración natural obtida nun ou dous

anos, realízanse curtas intermedias (claras) que baixan a densidade e deixan en pé ás mellores árbores, que son os que darán lugar ao rexenerado cando se alcance a idade de curta final.



As claras son operacións indispensables para conseguir montes de calidade. Eliminando as peores árbores concentramos toda a capacidade produtiva nos piñeiros de mellor calidade, é dicir, aquelas árbores vigorosas con fuste máis recto e limpo de ramas.





Nos montes das parroquias que configuran o val fluvial do Lourido, isto é, Cereo, Corcoesto e Valenza, realízanse coidados culturais planificados desde o punto de vista económico procurando aproveitar toda a capacidade produtiva que ofrece o lugar, co obxectivo de producir madeira de calidade apta para usos industriais xeradores dun elevado valor engadido.

As condicións actuais do mercado da madeira aconsellan orientar a selvicultura cara á produción preferente de piñeiros de diámetro elevado, cuxa madeira se emprega na industria do aserrado e mesmo do desenrrollo. Isto esixe a

realización de claras fortes o mantemento de densidades máis baixas. A madeira obtida nas claras poderá empregarse nas industrias de trituración, e mesmo na industria do aserrado, no caso das trozas inferiores das árbores extraídas nas últimas claras.

Actualmente prefírese no piñeiro pinaster as claras mixtas (altas e baixas), xa que reducen a competencia sobre as árbores que quedan en pé, eliminan piñeiros que, aínda que de grandes dimensións, están pinzados ou son moi ramosos, e obtén un maior volume de madeira que as claras polo baixo.

Apréciase tamén que os clareos foron realizados na maior parte das parcelas tanto de maneira sistemática, normalmente seguindo filas, como de forma selectiva. No primeiro caso o custo é inferior, pero pola contra apéanse moitos piñeiros con boas características de forma e de boa calidade. O piñeiro pinaster ten en xeral, malas condicións de forma, con moitas árbores torcidas, pinzadas ou moi ramosos, polo que un clareo selectivo, favorece o futuro do monte e o rendemento madeireiro.

En xeral, os propietarios de montes con piñeiro pinaster da comarca realizan fortes investimentos nos coidados culturais anteriormente descritos (podas, claras e clareos) e as masas forestais presentan exemplares con bo vigor e estado sanitario, con boas aptitudes tecnolóxico-industriais.

Por outra banda, estas labores culturais e outras auxiliares, como poden ser as rozas, de vital importancia para o control da vexetación competidora nos primeiros anos de desenvolvemento das plantas novas, son realizadas por empresas auxiliares do sector da forestal que xera unha importante demanda de empregos no sector.

O aproveitamento madeireiro considérase unha práctica tradicional na zona, cunha forte vinculación e relación da poboación co monte, o obxectivo principal é quizais a produción de madeira de calidade, que proporciona en momentos



en que se precisa un importante ingreso suplementario, xunto coa conservación ambiental destas masas forestais e a súa adecuación ao recreo.



## **Esquema silvícola e marcos de plantación**

Nos últimos tempos, os marcos de plantación máis utilizados son 2 x 3, 2,5 x 3 ou 3 x 3 metros que, respectivamente, corresponden a unhas densidades iniciais de 1.670, 1.330 ou 1.110 pés por hectárea.

Cando se opta por densidades elevadas de plantación (1.600- 2.000 plantas por hectárea) recoméndase realizar unha primeira curta aos 8 ou 10 anos para reducir a competencia entre árbores. Se se opta por densidades baixas (1.000- 1.350 plantas por hectárea) é preciso realizar unha repoboación especialmente coidadosa para previr unha incidencia de marras excesiva. Neste caso, cabe realizar unha reposición para manter a densidade requirida. De calquera modo, convén efectuar unha poda temperá para evitar un excesivo engrosamiento das pólas. As rozas son indispensables cando os piñeiros son novos.

Unha vez que dominaron á matogueira, a partir dos 10 anos de idade, estas operacións deixan de realizarse salvo para facilitar operacións de poda ou preparar o piñeiral para un aproveitamento gandeiro que contribuirá a reducir o risco de incendio.

## **Quenda das explotacións forestais de piñeiro pinaster no val fluvial do Lourido**


A quenda que se aplica depende directamente do esquema silvícola seguido, e por tanto dos produtos principais que se desexan obter en cada momento. A determinación da quenda óptima desde o punto de vista económico foi obxecto de diversos traballos dos que derivan distintos resultados segundo os prezos da madeira manexados ou a taxa de actualización considerada (CHAPERON, 1986), aínda que a situación actual parece favorecer aqueles réximes de selvicultura que optan pola produción de madeira de maior dimensión e calidade (RODRÍGUEZ SOALLEIRO ET Ao., 2000).



Quendas próximas aos de máxima renda en especie e inferiores consideráronse para a produción preferente de madeira de trituración (de 25 a 30 anos), o que se asocia a un tipo de selvicultura definido para este destino segundo as táboas de produción de ECHEVERRÍA (1948). As quendas tecnolóxicas para produción de madeira de serra apta para táboa ou taboleiro poden ser de 35 a 40 anos en zona costeira, chegando ata os 45 ó 50 anos en montes interiores.

A selección de quendas de 40 anos é o esquema que se aprecia nos montes do val fluvial do Lourido coa finalidade de alcanzar diámetros obxectivos duns 70 cm. Cando o mercado de madeira grossa vese desfavorecido entón a selección de quendas modifícase e redúcense as quendas a 25 ó 35 anos.

Durante moitos anos a selvicultura do piñeiro pinaster en monte regular caracterizouse polo mantemento de densidades elevadas, procurando aproveitar toda a capacidade produtiva do monte. Obtíñanse así elevadas cantidades de madeira de pequena dimensión que foron destinadas maioritariamente á industria de trituración. Ata fai 2-3 décadas utilizábanse quendas de curta de 25-30 anos. Na actualidade, as condicións do mercado fan que sexa aconsellable orientar a selvicultura cara á produción preferente de piñeiros de diámetro elevado, cuxa madeira se emprega na industria de aserrado ou chapa. Deste xeito, aplícanse quendas de 30 a 40 anos para asegurar que os diámetros das árbores que cheguen á curta final alcancen entre 35 e 40 cm. Para iso é necesaria a realización de claras fortes e o mantemento de densidades máis baixas. A madeira obtida nas claras pode empregarse na industria de trituración e mesmo na industria de aserrado, no caso das trozas inferiores das árbores extraídas nas últimas claras. (ROQUE RODRIGUEZ SOALLEIRO, PILAR VEGA ALONSO, 1998).



*APM: Área de alta producción madeireira no val fluvial do Lourido*



## **Importancia do rendemento madeireiro no val fluvial do Lourido**

Conclúese que os rendementos madeireiros xerados coas explotacións forestais na zona de estudo, unha vez analizada a estrutura das explotacións, atópanse entre os máis elevados de Galicia e do noroeste peninsular. En concreto, o sector forestal é de vital importancia na comarca de Bergantiños, xa que é unha fonte de riqueza que xera importantes ingresos económicos para as familias e produtores forestais, e importante fonte de empregos no sector primario da comarca. Segundo datos do IGE, a superficie forestal da comarca de Bergantiños vese incrementada nun 0,8%, o que demostra, que é un sector económico en alza e con perspectivas de futuro.

## **Produtos obtidos na masas forestais da zona**

O produto principal que se obtén do piñeiro pinaster é a madeira, que é de dureza intermedia, gran basto, boa resistencia mecánica e características intermedias en estabilidade dimensional, heteroxénea, de textura grosa e con fibra máis ou menos recta e cheiro intenso a resina.

A madeira de piñeiro pinaster dos montes e parcelas particulares da zona de estudo, empregouse en tradicionalmente na industria do aserrado, cuxo desenvolvemento se fundamentou nos montes desta especie.

A industria do aserrado emprega en Galicia trozas de piñeiro con diámetros en punta delgada superiores a 20 cm, aínda que se acepta ata 14 cm se se desexa obter tablilla.

Así por exemplo, unha árbore de 30 cm de diámetro normal e 15 metros de altura, terá tres trozas aptas para o aserrado, que se corresponderán ao 85% do volumen total da árbore.

As industrias de taboleiros son outro grupo importante de consumidores da madeira que se produce na comarca de Bergantiños. Os requirimentos tecnolóxicos destas industrias son reducidos, polo que aceptan madeira de baixo diámetro e centran o seu mercado en madeira de escasa dimensión. Desde o punto de vista do produtor será a madeira procedente de claras ou as trozas da parte altas dos fustes as que se venden a estas industrias.

O consumo de piñeiro pinaster nas fábricas de desenrrollo e chapa é puntual. Os requirimentos tecnolóxicos destas industrias son estritos, con diámetros en punta delgada de 35 cm, ausencia de medula excéntrica, rectitude da troza, ausencia de nós ou azulado.

Por último, a obtención de leñas nos piñeirais do val fluvial do Lourido foi (e séguese sendo aínda que en menor medida) unha práctica habitual na zona.

Outra produción complementaria moi importante, desde o punto de vista económico, é a recolección dos cogomelos que se desenvolven baixo o piñeiral. O piñeiral de pinaster é un dos ecosistemas de maior interese para o aproveitamento de cogomelos das especies de maior consumo, como o *Boletus edulis*, *Boletus pinicola*, *Lactarius deliciosus* e *Lactarius sanguifluus*.

Doutra banda, en canto ás explotacións forestais destinadas ao cultivo do eucalipto, o seu destino principal é a fabricación de pasta de papel.

### **Destinos dá madeira producida na zona**

- ❖ Usos nobres.- Chapa plana, desenrrollo, ebanistería mueblería e carpintería fina. Requírese unha boa proporción de árbores cunha altura de 6 metros, rectos e sen ramas ou defectos.



- ❖ Aserrados.- Estruturas, madeira de obra (encofrados, valos), cajerío, palets. Polo xeral, a presenza de nós é aceptable. Requírese rectitude.
- ❖ Trituración.- Fabricación de tableiros, partículas de papel, produción de biomasa, postes para cercados. As necesidades dimensionales son inferiores, moitos defectos son admisibles.



## **Importancia do sector forestal na comarca de Bergantiños**

Dita importancia vén xa recoñecida na propia Lei 7/2012, de montes de Galicia, na súa exposición de motivos que indica:

"Non ámbito forestal, Galicia ocupa, non conxunto do territorio nacional, un lugar esencial. É, sen dúbida, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa. A súa superficie forestal arborizada representa ou 48 % da totalidade da Comunidade Autónoma, superando as 1.400.000 hectáreas e cunha alta produción de madeira, próxima ao 45 % da produción nacional. Esta é a razón pola que ou incremento da masa arborizada en cantidade e calidade constitúe un obxectivo básico, non só do sector forestal en particular, senón da sociedade galega do século XXI non seu conxunto, garantindo ou aproveitamento continuado dous recursos forestais, especificamente da madeira, que segue sendo, nestes momentos, ou segundo produto deficitario na Unión Europea -tras ou enerxético-, ou que pode supoñer unha vía de ordenación territorial que posibilite un freo ao abandono sistemático das explotacións do rural de Galicia e permita, a través do desenvolvemento de explotacións e industrias forestais, a fixación da poboación, evitando ou despoboamento e a crise demográfica que atenazan ou mundo rural galego.

A configuración do monte galego estivo en continuo proceso de cambio desde comezos do século pasado. Co devir histórico, a realidade dous nosos montes variou moito; desde unha relativamente escasa importancia da superficie arborizada e unha gran porción do monte dedicada a aproveitamentos gandeiros e mesmo cultivos agrícolas, a un monte como ou actual, onde vos terreos volveron a ter un uso forestal prioritario, ata alcanzar as dúas terceiras



partes da superficie da Comunidade Autónoma, con fortes incrementos da superficie arborizada, e onde a madeira configúrase como un recurso endóxico de primeira magnitude.

Para aquilatar a importancia actual do sector forestal na economía galega, non sempre adecuadamente ponderada, é necesario indicar que a contratación de servizos externos que realizan vos propietarios e xestores forestais dá emprego estable en Galicia, directo e indirecto, a un colectivo superior ás 15.000 persoas, formado por cuadrillas propias non monte, persoal técnico e administrativo das asociacións profesionais, viveristas, consultoras de enxeñería, empresas de traballos silvícolas, empresas de aproveitamentos forestais e transportistas especializados. A facturación dos propietarios forestais galegos supera vos 300 millóns de euros anuais entre produtos madeireiros e non madeireiros.

Pola súa banda, a facturación conxunta da industria de transformación da madeira supera na nosa Comunidade Autónoma vos 1.600 millóns de euros anuais, proporciona emprego directo a máis de 22.700 traballadores e constitúe o sector industrial que maior emprego xera na comunidade, cun 12 % da poboación laboral activa. A industria de primeira transformación produce ou 60 % da produción nacional de tableiros, ou 40 % da madeira de serradoiro e ou 20 % da pasta de papel, totalizando ou 3,5 % do PIB da Comunidade Autónoma.

Pero a importancia do sector forestal non reside só nas cifras macroeconómicas, claros exponentes da súa importancia, senón que, como xa indicamos, desempeña unha función básica na fixación da poboación no rural. En comarcas como as de Lugo, A Fonsagrada, A Terra Chá, Bergantiños, Fisterra, A Limia ou Verín, a forestal figura entre as tres primeiras actividades industriais por emprego xerado, pois o 70 % destas empresas aséntase en poboacións de menos de 5.000 habitantes. En consecuencia, un dos obxectivos prioritarios desta nova norma é colaborar e impulsar a organización do territorio galego, equilibrando os usos do chan, permitindo un adecuado aproveitamento dos recursos e, ao mesmo tempo, colaborando no mantemento das explotacións agrarias existentes,

axilizando a súa posibilidade de crecemento e consolidación como factor básico que minimice, na medida do posible, o abandono do rural e consiga frear o envellecemento demográfico e o despoboamento, posibilitando a fixación da poboación. A presente lei xorde nun momento en que o abandono agrario segue a tendencia ao incremento da superficie forestal. Neste contexto, e co obxectivo de consolidar e mellorar as superficies forestais, é importante conseguir o equilibrio de usos, eliminando en gran parte o risco de desaparición e, con iso, a imposibilidade de realizar un adecuado aproveitamento racional e multifuncional.

O monte, ademais da importancia económica e social referenciada en Galicia, ten unha función ambiental que se recoñece e acrecenta progresivamente. A relación da sociedade galega co monte evolucionou considerablemente desde o último terzo do século pasado, xerando unha nova configuración baseada na esixencia do desenvolvemento sostible e o aproveitamento racional dos recursos forestais. Así, os bosques aparecen como un elemento básico da estratexia ambiental como reservorios e depósitos de fixación de carbono, chegando a fixar hoxe máis de 42 millóns de toneladas, e converténdose en alicerces fundamentais para o cumprimento dos compromisos adquiridos no protocolo de Kioto.

Ademais, unha parte significativa dos montes galegos, predominantemente veciñais en man común, están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, o que revela a importancia dos bosques galegos no mantemento da riqueza e biodiversidade da nosa flora e fauna, así como o papel tan importante que os montes desempeñan na protección do chan, a paisaxe, os sistemas hidrolóxicos e todos os ecosistemas que as formacións arbóreas albergan. Con este fin, régúlase na Lei de montes de Galicia unha serie de actuacións tendentes a previr e reducir a degradación do monte e fomentar a restauración do mesmo, dirixidas a paliar a sobreexplotación de determinados recursos, condicionando e preservando a masa forestal ante as actividades de índole extractiva, as urbanizacións, as áreas



industriais e os trazados de grandes infraestruturas, e profundando no concepto de xestión sostible e, especialmente, no manexo forestal responsable.

O monte é, ademais, un espazo que determina a paisaxe e a identidade da nosa comunidade, á vez que ten un compoñente social de recreo, de lugar de encontro, lúdico e de goce dos cidadáns. A lei trata de compatibilizar a funcionalidade ambiental, social e estética do monte, cuxos beneficios intanxibles son gozados por toda a sociedade, e uns lexítimos beneficios directos que corresponden aos seus titulares. Por iso é polo que a lei persiga, como un dos seus obxectivos fundamentais, adaptar a realidade forestal galega ás esixencias, cada vez maiores, dunha sociedade, madura e moderna, como a de Galicia, que debe coonestarse cos dereitos á percepción de rendas, froitos e utilidades dos propietarios forestais e os silvicultores".

*Bibliografía: "Importancia de la alta capacidad forestal y maderera de los montes de Cabana de Bergantiños. Necesario mantenimiento de los usos forestales actuales y la funcionalidad actual de los suelos de los montes de Corcoesto. Importancia de su protección y mantenimiento de la categoría de suelos rústicos de especial protección forestal". Autor: Abertal Soc. Cooperativa Galega.*

## **9. A importancia do bosque de ribeira no val fluvial do Lourido**

- **O val fluvial do río Lourido, unha proposta de reserva natural fluvial.**

Tanto o bosque de ribeira como as carballeiras e soutos están en retroceso no val fluvial do Lourido. A maior parte do bosque primitivo consérvase no municipio de Coristanco, preto da parroquia de Valenza.

É propio destes bosques a localización das especies nun sentido transversal ao curso do río, sendo as máis esixentes en humidade as máis achegadas a el, que afunden as súas raíces no mesmo leito, coma ocorre cos salgueiros, mentres

que as menos esixentes aparecen afastadas varias decenas (ás veces até centos) de metros (tralo salgueiro, o amieiro, despois freixos, umeiros, tamargueiras, loureiros, cancereixos, sabugueiros, e unha gran variedade arbustiva e herbácea (xuncos, espadanas, silveiras, hedras e fentos).

Na faixa atlántica a árbore raíña do bosque de ribeira é o amieiro (*Alnus glutinosa*).

Polo que respecta ao val fluvial do Lourido atopamos amieiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix alba* e *salix atrocinerea*). Tamén algún freixo común e bidueiros (*Betula celtibérica*). En relación ao bosque primitivo apenas quedan franxas de carballeiras, se ben existe algunha carballeira nova na parte de Coristanco, de carballo común (*Quercus robur*) e soutos (*Castanea sativa*). O que sí é moi abundante é o loureiro (*Laurus nobilis*). De feito o nome do val fai referencia a existencia desta especie que debeu ser noutrora moi abondosa.

Constitúen o hábitat dun gran número de especies: inclúen formas vexetais cunha alta diversidade de adaptacións morfolóxicas, fisiolóxicas e reprodutivas que lles permitiron sobrevivir en chans asolagados. Son hábitat, refuxio e corredor de moitos animais.

## **Funcións dos bosques de ribeira**

### **➤ Ecoloxía**

Os bosques de ribeira inclúen ás comunidades de plantas máis diversas e produtivas. Xeran unha gran diversidade de hábitats e microclimas que sustentan un elevado número de especies.

Ademais, contribúen coa conectividade entre áreas distantes, servindo de corredores ecolóxicos que favorecen a dispersión dos individuos e o fluxo dos xenes.

Doutra banda, a achega de enerxía e materia realizado polo bosque é fundamental para o mantemento da trama trófica acuática.

As follas, ramas e troncos que caen nos ríos e arrosios son atrapadas polas árbores caídas e rocas. Estes provén alimento e refuxio a peixes pequenos, crustáceos, anfibios, insectos, entre outros, constituíndo a base da trama alimentaria dos ecosistemas acuáticos.

#### ➤ **Microclima**

Os bosques de ribeira teñen un efecto importante no control do microclima dos ríos e arrosios a través do control de temperaturas extremas.

En climas ou tempadas moi quentes, o bosque secuestra a radiación solar reducindo a temperatura da auga e, con iso, a evaporación. En cambio, en climas ou épocas frías o bosque retén a calor do chan e da masa de auga, mantendo a auga a unha maior temperatura.

#### ➤ **Calidade da auga**

Os bosques de ribeira son moi importantes no saneamento ambiental e no mantemento da calidade da auga dos ríos. Estes removen sedimentos da auga e secuestran, filtran ou transforman nutrientes e outros contaminantes.

#### ➤ **Remoción de nitratos**



Estes ecosistemas removen o nitrato que se atopa en exceso nos corpos de auga, que na súa maioría provén de prácticas agrícolas non sustentables. Os procesos involucrados neste segmento do ciclo do nitróxeno son a desnitrificación e a absorción de nitratos polas plantas.

A desnitrificación é a transformación bioquímica do nitrato en gas nitróxeno, ben sexa en forma de nitróxeno molecular ou de óxido de nitróxeno. Así, o nitróxeno disolto na auga é extraído e liberado á atmosfera.

Doutra banda, o nitrato tomado polas plantas pode provir do chan ou da auga. Estas incorpóranos nos seus tecidos, converténdoo en biomasa vexetal. Desta forma, o nitróxeno é secuestrado do medio e almacenado por longos períodos de tempo. Ambos os mecanismos reducen a cantidade de nitróxeno dispoñible disolta na auga.

#### ➤ **Remoción de contaminantes**

Algúns microorganismos poden inmovilizar substancias contaminantes presentes nos bosques de ribeira. Isto pode ocorrer a través de diversos roteiros metabólicos (anaeróbicas, aérobicas, heterótroficas ou quimioautótroficas).

Os microorganismos toman nutrientes disoltos na auga e incorpóranos no seu organismo. Coa morte e descomposición das células microbianas, estas substancias quedan secuestradas na materia orgánica do chan.

Desta maneira os chans dos bosques de ribeira poden almacenar grandes cantidades de contaminantes nun longo prazo.

#### ➤ **Control de sedimentos**

As choivas e as inundacións arrastran sedimentos que son interceptados pola follaxe, a materia orgánica en descomposición e as raíces das árbores. Así, as partículas que compoñen os sedimentos quedan depositadas no bosque, evitando que estas ingresen nos ríos.



*Carballeira nova no val fluvial do Lourido (Cereo)*





*As carballeiras, en grave retroceso, deixan paso ás plantacións e monocultivos forestais. Pequena masa de bosque primitivo en Vilaverde, Cerezo.*



## 10.- Historia do val fluvial do Lourido

### ➤ A arrogancia dos predadores

No ano 1896 a compañía inglesa Sagasta Gold Mines, con domicilio en Glasgow no número 121 da West George Street e representada en España polo enxeñeiro de minas John James Rosewarne, describía á parroquia de Corcoesto e ao val fluvial do Lourido, no proxecto do río Lourido, para derivar do rego Lourido 22 litros de auga como forza motriz das máquinas motoras das minas, para a explotación do ouro na parroquia de Sta. María de Corcoesto, distrito municipal de Cabana. As galerías romanas, segundo a compañía, xa chegaran a ocupar en tempos destes, máis de cen brazos naturais deste país.

Segundo o autor do proxecto as edificacións construídas pola sociedade explotadora próximas ás galerías e ás destinadas a vivendas e talleres:

"... forman un alegre arrabal obrero en aquel país yermo y despoblado y en el que el viajero no puede por menos detenerse sorprendido al contemplar un movimiento tan incesante y unas actividades tan extraordinarias en medio de la soledad que produce aquella localidad montañosa y a la que la carencia de cultivo presta un aspecto hasta cierto punto monótono.

Es, digámoslo así, un cambio de decoración y que no puede por menos que impresionar al visitante. Acostumbrado este a no oír otra cosa que el murmullo armonioso de la vida entremezclado con el gran silencio de la montaña, se ve de pronto sorprendido por los golpes del martillo y bajo sus pies las detonaciones ahogadas de la pólvora.

En resumen, para animar a aquellas elevadas montañas desnudas y pedregosas nada hizo la naturaleza, pero en cambio el hombre de improviso ha desplegado en ellas una energía y un vigor sin igual.

# Proyecto

para derivar del arroyo "Lourido" li-  
mite de los distritos municipales de Co-  
ristanco y Cabanas, vintidos litros de  
agua como fuerza motriz de las maqui-  
— nas motoras de las minas —

"Sagasta  
Gold Mines Limited"

---

Documento número

---

Como complemento a los trabajos ejecutados precisa la sociedad citada llevar a término otros nuevos y costosos que indudablemente han de contribuir al aumento de los beneficios que actualmente reportan a la comarca, porque su implantación ha de demandar, como es natural, mayor número de brazos.

Consiste parte de estos en el establecimiento de un molino o máquina trituradora y un pulverizador a fin de poner el precioso mineral que, según concienzudos análisis practicados, es excelente y abundante en condiciones de ser exportado al extranjero.

La conveniencia de aprovechar una fuerza motriz económica que ponga en movimiento los referidos motores, nos hizo fijar la atención en el salto de agua que puede proporcionar el arroyo Lourido, próximo a las citadas minas.

He ahí pues el objeto de la presente memoria y del proyecto que la acompaña”.

#### ❖ **O potencial do río Lourido dentro dos plans de Sagasta Gold Mines Limited:**

“Origen del arroyo Lourido.

El arroyo Lourido tiene su origen en las vertientes de la divisoria de Baneira hasta su desembocadura en el río Anllóns, del cual es afluente, sin que pueda indicarse nada notable por discurrir por una región falta absolutamente de movimiento y de población.

La región hidrográfica es angulosa, fría y sumamente quebrada. Corre este por dos apretadas laderas que no ofrecen otro cultivo que la vegetación espontánea de los montes. El lecho del río está abierto en su generalidad en roca



granítica y su perfil tan desigual que tiene tramos que es una serie de tramos irregulares y cascadas. El terreno de ambas laderas no se presta al riego, ya por su composición mineralógica, ya principalmente porque son muy escarpadas.

Se deduce de lo expuesto que el arroyo Lourido es apropiado para la creación de fuerzas motrices que den movimiento a establecimientos industriales y que no puede tener otra aplicación ventajosa.

Reconocido su cauce con una longitud aproximada de 800 metros a partir de la derivación de la presa que se proyecta hasta el punto en que se reintegran las aguas al cauce natural del río, el cual dicho sea de paso forma una línea divisoria de los distritos municipales de Coristanco y Cabana, resultando un ancho medio de un metro siendo su lecho tortuoso y poco profundo”.

### ➤ **Máis arrogancia dos predadores**

Un século máis tarde, a compañía canadiana Edgewater Exploration Gold Mining company, centraba tamén os seus esforzos nun proxecto fallido, en eliminar parte do río Lourido e construír unha balsa mineira e unha escombrera no seu val fluvial. Así o facía constar un informe técnico do ano 2013:

“O obxecto do presente informe é analizar o desvío do RÍO LOURIDO, previsto no PROXECTO DE EXPLOTACIÓN DE OURO NA MINA DE CORCOESTO; realizado por RÍO NARCEA GOLD MINES S.L. agora denominada MINEIRA DE CORCOESTO, S.L, en concreto das concesións de explotación denominados: Emilita nº 1.221, Ciudad de Landró nº 1.454 e Ciudad de Masma, nº 1.455 e as cuadrículas mineiras incluídas no permiso de investigación Julia 2 nº 7.155, nos termos municipais de Cabana de Bergantiños e Coristanco, na provincia da Coruña.

### 3. INFORME


Na realidade, o manancial denominado Fonte Cardeira nace augas arriba da canle de desvío proxectado para a explotación mineira. A auga que nace neste manancial discorre ata o seu encontro coas procedentes doutra vaguada (Rego 1).

No punto onde conflúen estes dous leitos, é onde se considera que ten o seu nacemento o Río Lourido. Augas abaixo, o Río Lourido vai aumentando o seu caudal ao ir recibindo auga doutros mananciais. Desta forma, o técnico que subscribe considera que non se varía ningún río, senón que se constrúe unha canle que recolle as augas do manancial denominado Fonte Cardeira, xunto coa auga de choiva recollida na conca que queda augas arriba da canle de desvío. Sendo a xuízo deste técnico, o caudal desviado insuficiente para que leve auga todo o ano, ao carecer de mananciais naturais que o fornezan. O Río Lourido quedará dentro da balsa de flotación e a vertedoiro sur, polo que desaparecerá para sempre. Por outra banda o indicado no plano como rego 1, que achega a maior parte do caudal ao río Lourido, elimínase e vai parar á canle perimetral da explotación mineira. O mesmo ocorre co indicado no plano como rego 2, afluente do rego do Batán, o cal se elimina co proxecto mineiro.

Como conclusión non se pode falar de desvío do río Lourido, senón da desaparición e eliminación do mesmo”.

*Bibliografía: Informe técnico da asociación ambiental e cultural Petón do Lobo.*





*Plano do informe onde se explicaba en detalle a eliminación do río Lourido e por tanto, do seu val fluvial*



## 11. O importante papel dos raposos nos ecossistemas



O papel do raposo respecto ao medio natural é moi importante, podemos dicir que é unha peza crave no mantemento dos ecosistemas, desempeñando unhas funcións ademais moi beneficiosas para nós as persoas.

**A primeira función** de importancia que realiza gratuitamente é a da eliminación e procesado de cadáveres de animais e dos seus restos, limpando así o campo e previndo enfermidades e pandemias. Nos seus desprazamentos diarios recolle moitos animais atropelados das cunetas das estradas, dalgúns aliméntase e outros son enterrados para aliviar máis adiante os momentos de fame. Así pois o raposo como outros animais carroñeros, voitres, corvos, picarazas, libra ao monte de animais enfermos ou mortos, axudando a frear a propagación de enfermidades como a mixomatosis do coello.

**A segunda función** útil para nós é a do control de pragas agrícolas. Unha poboación sa de raposos mantén baixo control aos roedores como aos ratos, ratas, topillos e aos topos, actuando sobre os eventuais incrementos no seu número, suavizando este incremento e evitando males maiores para as colleitas. Por iso o agricultor debería ver ao raposo como un aliado, aínda que a contra cultura popular fixo que isto non sexa así na maioría dos casos.

**A terceira función** importante para as persoas e para o medio natural, que realiza este animal e tal vez a menos coñecida é a da diseminación de sementes. Ou sexa que o raposo traballa como un viverista, tratando as sementes e plantándoas polo campo ao longo de quilómetros nas súas roldas diarias.

Este pequeno cánido, é unha animal clave para a restauración natural dos ecosistemas xa que a súa dieta está composta parcialmente de froitos e bagas de plantas, árbores e arbustos que son dixeridos, separando así as súas sementes da pulpa e pel para máis adiante ser excretados lonxe da poboación vexetal orixinal onde as sementes poden germinar colonizando así outras zonas e mellorando a diversidade vexetal deses lugares.



Non se pode facer política para un rural vivo, se non protexemos á fauna clave dos ecosistemas e garante da biodiversidade como son os raposos.

Non aos campionatos de caza de raposos de Galicia!





## 12.- As plantacións ou monocultivos forestais non son bosques

As plantacións ou monocultivos forestais non son bosques e afectan de xeito significativo á biodiversidade.

Unha chea de piñeiros ou eucaliptais plantados non son un bosque, son unha plantación. Os bosques están formados normalmente por varias especies e son moi ricos en biodiversidade. Teñen unha dinámica interna de ciclaxe de nutrientes, teñen un proceso de sucesión, van cambiando de estatura, de ancho das árbores, entre outras características que os fan únicos.

Os bosques non están formados con só unha especie de árbores, senón que hai mato, hai especies trepadoras, hai animais que viven neles, hai microorganismos, e son específicos. Van cambiando un pouco co tempo ou dunha rexión a outra pero vólvense específicos.

Un bosque ten unha historia, ten unha identidade propia.



*As plantacións non son bosques*

As plantacións forestais corresponden a aqueles plantíos que se orixinaron a través da plantación de árbores dunha mesma especie ou combinacións con outras, efectuadas polo ser humano e normalmente con fins comerciais e empregando especies de crecemento rápido. Son pobres en biodiversidade.

Un bosque non só produce (como a plantación) madeira para o mercado, senón que a súa produción abarca outros tipos de árbores, vexetais, animais, froitas, fungos, mel, forraxe, abono, leña, madeiras para usos locais, fibras vexetais, medicinas e xera ademais unha serie de servizos en materia de conservación de chans, de biodiversidade, de recursos hídricos, de microclima.

Cando se sostén que as plantacións son moito máis produtivas que os bosques, só se está comparando o volume de madeira para industria que se pode extraer de ambos e nesa comparación a plantación aparece como superior.

Con todo, cando se compara a totalidade de bens e servizos provistos pola plantación e o bosque, resulta evidente que este último é moito máis produtivo que a plantación. É máis, en moitos aspectos a produción da plantación é nula (por exemplo na produción de alimentos, medicinas ou forraxe) e mesmo pode ser negativa, cando afecta a outros recursos como a auga, a biodiversidade ou o chan.

O anterior resulta particularmente claro para aquelas poboacións locais que sofren os efectos da implantación de extensos monocultivos forestais, debido a que sofren a perda da maior parte dos recursos que ata entón aseguraran a súa supervivencia. Para eles, a produtividade destas plantacións é nula ou máis ben de signo negativo.

Estas diferenzas entre bosques e plantacións son importantes cando a xestión forestal expone baixo a premisa de conservar a biodiversidade. A biodiversidade ou diversidade biolóxica dunha área representa unha medida da variedade de especies que viven nela. A perda de biodiversidade dunha rexión non só se produce como consecuencia da extinción de especies, senón tamén cando unha ou unhas poucas especies aumentan moito a súa poboación en

detrimento de outras. Por exemplo, unha plantación na que todas as árbores son da mesma especie ten unha diversidade de árbores igual a cero.

### 13.- Sabías que....?

#### Sabías que....?


Unha gran concentración de fertilizantes, fitosanitarios ou partículas finas provenientes dos solos agrícolas e superficies forestais queimadas, van parar ás augas subterráneas e superficiais da nosa contorna. Estes nutrientes potencian o crecemento de algas e microorganismos que alteran os parámetros fisicoquímicos da auga, favorecen fermentacións que dan lugar a malos cheiros e á alteración do ecosistema acuático.

#### Sabías que....?

As partículas finas dos solos erosionados ou as cinzas dos incendios forestais enturban os ríos, o que crea importantes problemas no normal desenvolvemento de moitas especies de fauna acuática, que rematan vendo reducidas as súas poboacións de xeito importante por falta de alimento ou alteracións nos seus ciclos reprodutivos.

#### Sabías que....?

Un monte ben coidado asegura as reservas de auga de calidade e prevén a contaminación ao actuar como sistema de depuración natural.





### **Sabías que...?**

A erosión do solo é a desagregación e posterior perda da capa superficial máis fértil da terra pola acción da auga ou do vento. Débese principalmente á falta de cuberta vexetal, ao mal uso dos terreos para os cultivos, aos incendios forestais ou á deforestación dos montes. A súa degradación tamén se asocia a outros fenómenos negativos, como a compactación ou a perda de nutrientes.

Os procesos erosivos supoñen a diminución gradual da capacidade produtiva dos solos. A súa rexeneración natural é un proceso moi lento (centos de anos).

### **Sabías que...?**

A toupa de río é un indicador do estado de saúde dos nosos ríos.

Actualmente as súas poboacións corren perigo de desaparecer debido á deterioración dos seus hábitats.


### **Sabías que...?**

Antigamente había mexillón de río nos nosos ríos? O mexillón de río filtra grandes volumes de auga axudando a manter os ríos limpos. A diminución das poboacións de salmónidos é unha das principais causas da súa desaparición, xa que interveñen no seu ciclo reprodutivo.

A toupa de río é un mamífero endémico da nosa península. É insectívora e está adaptada á vida acuática e terrestre, o que fai unha especie única no seu xénero.

### **Sabías que...?**

Cando falamos de "cambio climático" referímonos á variación global do clima da terra: temperaturas, precipitacións, ventos e outros fenómenos atmosféricos. O cambio climático é provocado pola acumulación



excesiva na atmosfera dos chamados gases de efecto invernadoiro ou GEI, que reteñen a enerxía do sol provocando a subida das temperaturas no Planeta.

Os montes serven como paliativo deste fenómeno, xa que actúan como fixadores do carbono atmosférico (máis canto máis novo é o monte). Ao mesmo tempo, un dos seus principais subprodutos, a madeira, "secuéstrao", eliminándoo de forma permanente sempre que non se someta a un proceso de combustión.

### **Sabías que...?**


A biodiversidade defínese como a pluralidade dos seres vivos (microorganismos, plantas e animais) para interactuar entre si.

A súa importancia enténdese ao analizar a dependencia entre os seres vivos (sexan ou non da mesma especie) co seu hábitat, elemental para a súa subsistencia. A desaparición dunha especie en particular pon en perigo a existencia de moitas outras.

A biodiversidade está sometida a un constante cambio debido á propia evolución das especies. Non obstante, a extinción dun determinado hábitat provoca a morte de centos de individuos ou incluso especies. Esta destrución adoita ser producida polo home (contaminación, infraestruturas, cortas indiscriminadas, etc.).

Os bosques ofrécennos unha ampla gama de bens e servizos grazas á biodiversidade. Por iso debemos procurar a súa conservación e mantemento, mellorar a capacidade produtiva (madeira e produtos non madeireiros), manter a fauna e flora silvestres, así coma os seus hábitats, e protexer os solos e as bacías hidrográficas.

### **Sabías que...?**



Un número excesivo de camiños ou pistas afecta a superficie produtiva do monte. Non obstante, as infraestruturas de protección fronte aos incendios forestais son moi necesarias e requiren das dimensións adecuadas.

### **Sabías que...?**

Os bosques de ribeira funcionan como corredoiros ecolóxicos ao facilitar a mobilidade das especies e o intercambio xenético entre as poboacións illadas.


### **Sabías que...?**

A vexetación de ribeira actúa de filtro, immobilizando e metabolizando substancias contaminantes, ao tempo que amortece riadas e reduce a entrada de partículas sólidas no río.

### **Sabías que...?**

As ribeiras dos ríos deben presentar un mínimo de vexetación. Un bosque de ribeira ben conservado debe dispor dunha banda de vexetación arbórea proporcional á anchura do río (o ideal é entre 3 e 5 veces a dita medida), co fin de potenciar as funcións como filtro verde, corredoiro ecolóxico e amortecedor de riadas e fenómenos erosivos.

Lembra que as marxes están suxeitas a unha zona de policía de 100 metros e a unha zona de servidume para uso público de 5 m. Diversas actividades nas marxes, entre elas a corta de vexetación, deben ser autorizadas pola Confederación Hidrográfica e pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.





### Sabías que...?

Tanto a toupa de río como o mexillón de río vense favorecidos pola aplicación das Boas Prácticas Forestais, que contribúen a mellorar a os seus hábitats naturais.

### Sabías que...?

É moi importante manter a vexetación de ribeira por todos os beneficios que nos achega.

### Sabías que...?

En Galicia, o *Galemys pyrenaicus* ou toupa de río foi descrito por primeira vez no ano 1863 no libro Fauna Mastológica de Galicia, de Víctor López Seoane. Este naturalista deulle os nomes de aguaneira e rata do almisce, debido á sustancia untuosa que segrega para impermeabilizar a súa pelaxe, co fin de facilitar as súas continuas inmersións na busca de alimento. Segundo López Seoane, a toupa de río atopábase "con algunha frecuencia" á beira dos ríos e pozas.

Ten unhas membranas interdixitais que a habilitan para nadar con axilidade e unhas fortes patas traseiras. Porén, a súa principal 'arma' é o órgano de Eimer, unha especie de sensor situado arredor das fosas nasais que capta calquera cambio físico no entorno. É moi sensible ás vibracións da auga e aos obstáculos, polo que lle serve de gran axuda para buscar alimento, e complementase coas vibrisas que a toupa ten por todo o corpo.

Nas últimas décadas, a súa poboación vén experimentando un importante retroceso debido a varias ameazas que comprometen a súa supervivencia. Xa está considerada como "especie vulnerable" segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas e a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN). Amais, a toupa de río é un bo indicador da boa calidade das augas, xa que se alimenta de insectos moi sensibles á contaminación, polo que a ausencia destas especies complica o seu desenvolvemento.



14.- Que sabes agora do val fluvial do Lourido? Test de autoavaliación.

➤ Contesta ás preguntas deste test para comprobar os coñecementos adquiridos. Cada pregunta ten catro respostas alternativas. Só unha delas é a correcta.

**1.- ¿Onde nace o río Lourido?**

- a) No monte Perrol.
- b) Na Fontán.
- c) En Baralláns.
- d) Na Fonte Cardeira.

**2.- ¿Qué lonxitude ten o río Lourido desde o seu nacemento ata a súa desembocadura no río Anllóns?**

- a) Aproximadamente 3 Km.
- b) Aproximadamente 900 metros.
- c) Aproximadamente 5 Km.
- d) Nunca se sabe.

**3.- ¿Cal é o principal afluente do río Lourido?**



- a) A fonte Cardeira.
- b) O rego Batán.
- c) As Regueiras.
- d) O Cerqueirido.

**4.- ¿Cal é a ave máis abondosa no lugar de Aldemunde e na fonte Cardeira?**

- a) Verderolo ou carduelis spinus.
- b) Lavandeira cascadeña.
- c) Merlo acuático.
- d) O corvo.

**5.- ¿Cómo se chama o muíño que está preto da desembocadura do Lourido no río Anllóns?**

- a) Muíño de Baralláns.
- b) Muíño do Prillán.
- c) Muíño do Batán.
- d) Muíño do Xuareiro.

**6.- ¿Que funcións fundamentais ou servizos ecosistémicos esenciais desempeñan os raposos nos ecosistemas?**

- a) Diseminación de sementes
- b) Control de pragas agrícolas
- c) Eliminación de cadáveres animais
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**7.- ¿Cal é a ave máis abondosa nos ríos galegos e por tanto tamén no Lourido?**

- a) Ferreiriño
- b) Estreliña riscada
- c) Picafollas
- d) O corvo.

**8.- ¿Cal das seguintes árbores é arestora a máis habitual no val fluvial do Lourido?**

- a) Carballo
- b) Loureiro
- c) Piñeiro
- d) Eucalypto

**9.- ¿Cal das seguintes é unha función do bosque de ribeira?**

- a) Dar sombra o río.
- b) Favorecer as enchentas e as inundacións.
- c) Almacenar contaminantes para evitar que cheguen ao río.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**10.- ¿En qué ano foi declarado o val fluvial do Lourido como Área de Especial Interés Paisaxístico?**

- a) Ano 2016.
- b) Ano 2015.
- c) Ano 2012.
- d) Ano 2019



**Respostas:**

1. D.
2. A
3. B
4. A
5. D
6. D
7. A
8. C
9. D
10. A

